



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Módulo II. Lexislación social II

CONVOCATORIA: Administración de Xustiza

GRUPO: Cursos Xustiza

ÁREA: Itinerarios formativos

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	XUSTIZA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 03/03/2018 - 08:00h ao 12/03/2018 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Trátase de proporcionar unha formación avanzada sobre as modalidades procesuais da xurisdición social, agás os despedimentos que foron analizados no modulo I, do procedemento monitorio e dos recursos e a execución.

O enfoque do curso pretende ser de carácter práctico, cunha visión esquemática do procedemento, para que o destinatario do curso teña unha visión clara e ordenada das normas reguladores e principios xerais do procedemento laboral e dos trámites procesuais e resolucións con guías e esquemas de tramitación en Minerva-Nox.

DESTINATARIOS

Empregados públicos e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

MODULO I: O proceso monitorio. Proceso de impugnación de sancións. Vacacións, materia electoral, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo e dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente. Materia electoral. Clasificación profesional. Mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo, suspensión do contrato e redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior. Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente.

MODULO II.- . O proceso de conflitos colectivos. A impugnación dos convenios colectivos. Das impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou á súa modificación. Da tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

MODULO III.- Os medios de impugnación na xurisdición social: A taxa, o depósito e as consignacións, a acumulación dos recursos, a postulación, as custas e a transacción. Os recursos contra providencias, autos, decretos e dilixencias de ordenación. O recurso de suplicación. O recurso de casación. O recurso de casación para a unificación da doutrina. A revisión e a declaración de error xudicial. A audiencia ao demandado. rebelde.

MODULO IV.- A Execución: A acumulación das execucións. As disposicións xerais da execución definitiva. As execucións colectivas. A execución provisional. A execución en diñeiro.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 19/10/2018 a 12/11/2018

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 15/11/2018 ás 16:30h

DOCENTES NOMEADOS

LUIS VIDAL MARTINEZ

MANUEL PARDO CID

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): O día 15 de novembro de 16:30 a 17:29. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA: Soto do Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Praza Luis Seoane s/n.

FERROL: 1ª planta, Oficina Coordinadora da Delegación de Presidencia e Administración Pública, Praza Camilo José Cela, s/n

LUGO: Baixo, 2º, Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Ronda da Muralla, 70.

OURENSE: 7ª andar, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. Habana, 79.

PONTEVEDRA: Baixo, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. Fernández Ladreda, 43.

VIGO: 8º andar, Edificio Administrativo, Praza da Estrela, 9A.